



---

**TEATRO**  
*Pastor Díaz*  
**PROGRAMACIÓN CULTURAL Viveiro**  
**OUTUBRO - NOVENBRO - DECEMBRO**

---

**2023**

# OUTUBRO



**Sábado 7 20:30h**  
**O BORDELO.**  
*O covid do mariñán.*  
Teatro afeccionado.  
Comedia.

**Autoría:** Francisco Piñeiro González.

**Dirección:** Francisco Piñeiro González.

**Elenco:** 5 actrices e actores.

**Duración:** 90 min.

**Sinopse:** A causa da pandemia, o protagonista desta historia desapareceu durante dous anos, retornando desorientado ante o asombro da veciñanza. A nova concepción de vida que trae consigo aposta por resolver os problemas da sociedade con novos enfoques e valores que os demais non acertan a comprender. O conflito entre un e outros leva á reflexión, saíndo a relucir verdades que queiman e asfixian á colectividade. Esta comedia ten a intención de activar os valores que dun tempo a esta parte foron perdendo o seu lugar na civilización. Porque para acadar o que se quere, non todo vale.

# OUTUBRO



Venres 13 20:30h  
TATAKKA TEATROA.

*Sexpiertos.*  
Teatro.

**Dirección:** Mireia Gabilondo

**Autores:** Kepa Errasti e Telmo Irureta ( premio Goya actor revelación 2023)

**Intérpretes:** Aitziber Garmendia e Telmo Irureta

**Espacio escénico:** Fernando Bernués

**Diseño de iluminación:** Xabier Lozano

**Vestuario:** Ana Turrillas

**Sipnose:** Din que o corazón de Ana é un dormitorio baleiro. Nico quere tatuarse o seu. Están atrapados nun ascensor e pasarán de ser descoñecidos a amigos. Isto pasou fai tres anos, pero viaxando ao pasado, viviremos no presente o que nos veñan a contar. O amor, o sexo, a soidade e os prexuízos da xente serán os temas para tratar. O xornalista con parálise cerebral e a vendedora de caramelos que anda sumida en contradicións, explicarán sen complexo algún as súas vivencias afectivo sexuais para demostrar que cada un de nós, coa súa parálise particular, temos diferentes medos, soños e ilusións. Unha historia de dous amigos, unha historia de crecemento persoal tinguida de humor e dor a partes iguais.

# OUTUBRO



**Sábado 28 20:30h**  
**NOVA ESCENA GALEGA.**  
*A tortilla e a peste.*  
Teatro afeccionado.

**Autoría:** Xoán Carlos Laxe.

**Dirección:** María Márquez.

**Elenco:** 4 actrices e 1 actor.

**Duración:** 90 min. Comedia.

**Sinopse:** Catro mulleres e un home contan a súa experiencia durante o período do confinamento. A privación de contacto, o illamento e a distancia fan que as cousas cotiás, como facer unha simple tortilla, adquiren unha dimensión diferente, converténdose no "axis mundi" duns personaxes ligados á realidade a través do finísimo fío da tecnoloxía.

PRÓXIMAMENTE  
V EDICIÓN DE  
SUPERARTE 2023

# NOVEMBRO



Sábado 4 18:00h  
CARAMUXO TEATRO

*Crisálida.*

Teatro infantil / Comedia +6  
RGTA

**Autor:** Juan Rodríguez, Laura Sarasola e Olga Margallo  
**Dirección:** Olga Margallo **Deseño son:** Tito Barbeito  
**Adaptación:** Caramuxo Teatro **Música:** Tito Barbeito  
**Escenografía:** Diego Valeiras **Vestuario:** Diego Valeiras  
**Deseño iluminación:** Suso Jalda **Duración:** 50 min  
**Elenco artístico:** Laura Sarasola, Josito Porto, Juan Rodríguez e Anahí Taraburelli.

“Crisálida” é o espectáculo número 25 de Caramuxo teatro, co que cumprimos 20 anos de traxectoria. Unha historia que leva varios anos na nosa cabeza e coa que queremos facer a nosa pequena homenaxe a esas persoas que fan que as cidades teñan vida e sexan ricas en historias. Quere poñer en valor a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado e cada vez máis dixitalizado. A importancia da existencia de eses espazos que crean comunidade. Unha montaxe de máscaras, sen texto.

# NOVEMBRO



**Sábado 11 20:30h**  
**INCOSTANTES TEATRO.**  
*Hasta que la muerte nos separe.*  
*Teatro / Contemporáneo*  
RGTA

**Duración:** 80 min **Público:** Adultos

**Autor:** Emilio del Valle **Dirección:** Emilio del Valle

**Adaptación:** N.A. **Escenografía:** Florencia Nin

**Diseño son:** N.A **Vestiario:** Ana Rodrigo

**Diseño iluminación:** Jose Manuel Guerra

**Música:** Nacho Vera (Capitán Bazofia)

**Elenco artístico:** Ella(Rosa Manteiga) Él(Jorge Muñoz)

No escenario un actor, unha actriz e un músico. De idades parecidas, constrúen dúas personaxes dos que entran e saen permanentemente: unha parella que se acaba de separar despois dunha longa convivencia na que ambos soñaron acabar as súas vidas xunto ao outro. Teñen unha filla, que fai que esa separación non sexa tal, e que a famosa frase do rito católico adquira todo o seu vigor: “ata que a morte nos separe”.



**Sábado 18 20:30h**  
**BANDA MUNICIPAL**  
**DE MÚSICA DE VIVEIRO.**  
*Concerto de Santa Ícia.*

# NOVIEMBRE



**Sábado 25 20:30h**  
**CONTRAPRODUCCIÓN.**

*Entrega en man.*  
Teatro / Comedia.  
RGTA

**Duración:** 90 min **Público:** Adultos

**Autor:** Martin McDonagh **Dirección:** Cándido Pazó

**Adaptación:** Cándido Pazó

**Escenografía:** Pablo Giráldez

**Diseño son:** Guillerme Fernández

**Diseño iluminación:** Afonso Castro

**Vestiario:** Martina Cambeiro

**Música:** Guillerme Fernández

**Elenco artístico:** Evaristo Calvo, Santi Romay , María Roja e Diogo Sales

Na cotrosa habitación dun cutre hotel dunha pequena e anónima vila americana, un home maduro e excéntrico ofrece unha recompensa por recuperar a man que, nun acto de cruel e gratuíta violencia, lle cortaron 27 anos atrás e que, desde aquela, leva buscando sen descanso. Un xove negro e a súa fermosa e branca moza pretenden enganalo ofrecéndolle unha man que, loxicamente, non é a súa. O estraño recepcionista do hotel entremétese e pon en risco a insólita transacción. Unha comedia louca e denegrida na que, da man dun humor mordaz e corrosivo, zumega o tema do racismo, o machismo e a xenofobia.

# DECEMBRO



**Sábado 2 20:30h**

**TEATRO NOROESTE.**

*Último verán en Santa Cristina.*

**Teatro / Drama.**

**RGTA**

**Duración:** 95 min **Público:** Adultos

**Autor:** Eduardo Alonso **Dirección:** Eduardo Alonso

**Adaptación:** Eduardo Alonso **Vestuario:** Equipo Taetro

**Escenografía:** Equipo Taetro **Música:** Fernando Alonso

**Diseño son:** Fernando Alonso

**Diseño iluminación:** Eduardo Alonso

**Elenco artístico:** Xavier Estévez, Maxo Barjas, Miguel Pernas, Manuela Varela e Luma Gómez

As sensibles e conmovedoras lembranzas dun rapaz que pasa a súa infancia na España franquista.

“Último verán en Santa Cristina”, conta o acontecido a un rapaz de 12 anos que, no ano 1960, pasa o seu último verán nunha praia preto da cidade na que vive. Moitos anos despois, cando xa é un home adulto recibe unhas cartas supostamente propiedade da súa nai xa morta e, na lectura destas cartas, rememora o acontecido aquel verán. Como ademais é fillo de militar, o rapaz vive especialmente os acontecementos da sociedade franquista da época: os desfiles na praza da cidade que coinciden coa estancia de Franco no Pazo de Meirás, a poucos quilómetros de onde el veranea.



# DECEMBRO



**Sábado 9 18:00h**  
**MALASOMBRA TEATRO**  
*Os fabulosos CLEANERS.*  
Teatro / Outros.  
RGTA

**Duración:** 60 min **Público:** Infantil : 3 a 99 anos  
**Autor:** Luis Beviá e Xoque Carbajal  
**Dirección:** Marcos Orsi e Xoque Carbajal  
**Escenografía:** Xoque Carbajal  
**Deseño son:** Luis Beviá, Carlos Mosquera e Marcos Orsi  
**Deseño iluminación:** Xoque Carbajal  
**Vestuario:** Carlos Alonso  
**Elenco artístico:** Xoque Carbajal e Jouse García

Os Fabulosos Cleaners é un espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos. Unha extraordinaria experiencia visual para participar toda a familia.

O creador alacantino Luis Beviá, que percorreu medio mundo co seu universo xabonoso (Londres, Hong-Kong, México, Colombia, Perú, Cuba, Grecia ou Islandia entre outros) dirixe a parte técnica deste sorprendente espectáculo de Malasombra.

Dous operarios da limpeza do teatro, descubren por casualidade as múltiples posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, os personaxes emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas pompas e burbullas.

# DECEMBRO



**Sábado 23 20:30h**  
**BANDA MUNICIPAL**  
**DE MÚSICA DE VIVEIRO.**  
*Concerto de Nadal.*



**Xoves 28 20:30h**  
**MAXIA.**  
*Mago Rafa, Dani Polo,*  
*Nano Arranz,*  
*Joshua Kenneth.*

**Mago Rafa:** Rafa é un ilusionista nado en Lugo que leva máis de 25 anos traballando con dous obxectivos comúns, divertir e sorprender. Cos seus espectáculos pretende aproximar aos espectadores a un mundo de fantasía onde vive o mentalismo, as adiviñacións, as viaxes de obxectos imposibles .. pero sempre coa súa tarxeta de presentación: Un humor cotián e desenfadado para facer gozar a públicos de todas as idades.

**Dani Polo:** É o mago máis premiado de Galicia internacionalmente. Destaca pola Maxia das grandes ilusións. Caixas de aparición, desaparicións e levitacións de persoas.

# DECEMBRO

**Nano Arranz:** Nano é un mago de Valladolid que combina o humor e a maxia. Apto para todos os públicos. Humor orixinal, sutil, e irónico, baseado na palabra e en efectos de son e xogos vistosos e asombrosos para todas as idades.

**Joshua Kenneth:** Un mago que creou un precioso número que non para de recibir premios alá por onde se presenta.

En 2022 gana o 1º Premio no Magic Valongo, un certame internacional de ilusionistas celebrado en Portugal e en 2023 leva a casa o prestixioso premio Frakson, outorgado polo Círculo Máxico de Madrid. Actualmente traballa como encargado no Museo de Maxia Kiko Pastur en Santiago de Compostela.

## Venta de entradas:

De **luns a xoves**, no teléfono **982 560 162**, en horario de **9 a 14:00 horas**, ou no correo electrónico: [rbg.cultura@viveiro.es](mailto:rbg.cultura@viveiro.es)

O día da función 1 hora antes en taquilla.

## Organiza e patrocina:



Excmo. **Viveiro**  
Concello Vive Viveiro  
*Concellería de Cultura*

## Patrocina:



Axencia Galega das  
Industrias Culturais



**REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS**

